



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CULLEREDO

Persoal e Organización

Corrección de erros da resolución núm. 1467 do 9 de Agosto de 2023 do nomeamento de funcionario de carreira para a praza de técnico da administración xeral, subescala técnica, persoal funcionario de carreira.

ANUNCIO

Corrección de erros da resolución núm. 1467 do 9 de Agosto de 2023 do nomeamento de funcionario de carreira para a praza de técnico da administración xeral, subescala técnica, persoal funcionario de carreira.

Advertido un erro material na resolución núm. 1467/2023 de data 9 de agosto de 2023 do sr. Alcalde, foi correxida por resolución núm. 1505/2023 do 16 de agosto.

Visto o disposto no artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

En uso das atribucións conferidas á Alcaldía no artigo 21 da Lei 7/85 do 2 de abril de bases de réxime local.

RESOLVO:

Primeiro.- Corrixir os erros detectados na resolución citada no seguinte senso:

Na parte dispositiva, onde di:

“(…/…)”

Nomear para a praza de Técnico da Administración Xeral, subescala técnica, persoal funcionario de carreira a don Miguel Santiago Fernández Armesto con DNI núm. ***93 57** (código RPT: AL.1.1.03)
“(…/…)”

Debe dicir:

“(…/…)”

Nomear para a praza de Técnico da Administración Xeral, subescala técnica, persoal funcionario de carreira a don Miguel Santiago Fernández Armesto con DNI núm. ***84 42** (código RPT: AL.1.1.03)
“(…/…)”

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante a Alcaldía-Presidencia, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da notificación do presente acto, ao abeiro do establecido no artigo 124.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de A Coruña que corresponda, no prazo de dous meses, desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de acordo co establecido nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo.

Non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, se se interpuxera o potestativo de reposición, en tanto non se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do mesmo polo transcurso do prazo dun mes desde a súa interposición, de acordo co establecido no artigo 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro.

Neste caso, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses desde a resolución expresa do recurso, a contar desde o día seguinte ao da notificación do mesmo; ou ben, seis meses, a contar desde o día seguinte en que deba entenderse desestimado por silencio administrativo o citado recurso potestativo de reposición.

En todo caso, poderá interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente para a defensa dos seus intereses.

Culleredo, 17 de agosto de 2023

A concelleira delegada de Cohesión Social,

Recursos Humanos e Réxime Interior

Marta María Figueroa Fuentes

PD. Resolución núm.1260/2023, do 04.07.2023

(BOP núm. 131, do 11.07.2023)